



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código   | Centro     | Concello | Ano académico |
|----------|------------|----------|---------------|
| 15021469 | CIFP Leixa | Ferrol   | 2025/2026     |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo                                        | Grao                               | Réxime                |
|-------------------------------|---------------------|---------------------------|--------------------------------------------------------|------------------------------------|-----------------------|
| ARG                           | Artes gráficas      | CSARG02                   | Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de proba libre |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

| Código MP/UF | Nome                                      | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-------------------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP1479       | Deseño de produtos gráficos               | 2025/2026 | 0                | 267          | 0              |
| MP1479_12    | Organización do deseño do produto gráfico | 2025/2026 | 0                | 115          | 0              |
| MP1479_22    | Elaboración do deseño do produto gráfico  | 2025/2026 | 0                | 152          | 0              |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

|                                |                             |
|--------------------------------|-----------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | SAMUEL DAVID BALTAR CERVIÑO |
| Outro profesorado              |                             |

Estado: Pendente de supervisión departamento



## **2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**

### **2.1. Primeira parte da proba**

#### **2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| <b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>                                                                                                                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1479_12) RA1 - Documenta o proxecto gráfico proposto e especifica as características técnicas e as necesidades do proxecto                                |
| (MP1479_12) RA2 - Organiza o proxecto gráfico e analiza os elementos que o caracterizan                                                                      |
| (MP1479_22) RA3 - Desenvolve o deseño gráfico considerando a creación, a súa produción e o orzamento económico                                               |
| (MP1479_12) RA3 - Planifica a fase de deseño, identificando as condicións e os parámetros técnicos e elaborando unha ficha de produción dun proxecto gráfico |

#### **2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

| <b>Criterios de avaliación do currículo</b>                                                                                                               |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1479_12) CA1.1 Elaborouse un formulario e organizouse a recollida de información necesaria sobre o proxecto                                            |
| (MP1479_12) CA1.1.1 Analizáronse as cuestións técnicas a ter en conta na recollida da información para un proxecto de produción gráfica.                  |
| (MP1479_12) CA1.1.2 Elaborouse a documentación de recollida da información para un proxecto gráfico concreto motivando debidamente as opcións escollidas. |
| (MP1479_12) CA1.2 Verificáronse todos os datos necesarios para a realización do proxecto gráfico                                                          |
| (MP1479_12) CA1.3 Efectuouse un estudo en función das necesidades do produto e do público obxectivo                                                       |
| (MP1479_12) CA1.4 Establecéronse criterios de procura e compilouse información sobre o produto, o público obxectivo e a competencia                       |
| (MP1479_12) CA1.5 Analizouse a información sobre proxectos con exixencias similares                                                                       |
| (MP1479_12) CA1.7 Estableceuse o tipo de produto gráfico que se vaia elaborar tendo en conta a información obtida                                         |



**ANEXO III**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                                                           |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1479_12) CA1.8 Analizouse o proxecto de produción gráfica. Tendo en conta unha visión xeral, as fases, as etapas e tarefas a desenvolver e as características de cada unha. |
| (MP1479_12) CA1.8.1 Analizouse a planificación xeral do proxecto gráfico e a documentación a ter en conta para a produción final.                                              |
| (MP1479_12) CA1.8.2 Aplicouse axeitadamente a documentación nun proxecto gráfico concreto.                                                                                     |
| (MP1479_12) CA2.5 Estableceuse un rexistro de requisitos legais                                                                                                                |
| (MP1479_12) CA2.5.1 Analizouse a lexislación involucrada no proceso de produción gráfica, ámbito de aplicación de cada lei e a súa repercusión no produto gráfico.             |
| (MP1479_12) CA2.5.2 Revisáronse as cuestións técnico-legais e a súa aplicación a un proceso de produción gráfica concreto.                                                     |
| (MP1479_12) CA3.2 Seleccionouse un sistema de impresión polas súas características e os seus requisitos de calidade                                                            |
| (MP1479_12) CA3.2.1 Analizáronse os sistemas de impresión, elementos técnicos, características, aplicación e limitacións de cada un.                                           |
| (MP1479_12) CA3.2.2 Estudouse a aplicación dun sistema de impresión adecuado para a realización dun traballo concreto.                                                         |
| (MP1479_22) CA3.3 Comparáronse as tarifas de asociacións profesionais, de imprentas, de acabamentos e de materiais                                                             |
| (MP1479_22) CA3.3.1 Prantexouse a comparación das tarifas axeitadas para dimensionar o proxecto.                                                                               |
| (MP1479_12) CA3.4 Determinouse o tipo de acabado segundo as características do traballo                                                                                        |
| (MP1479_22) CA3.4 Valoráronse os custos dos materiais, da preimpresión, da impresión e dos acabamentos                                                                         |
| (MP1479_12) CA3.4.1 Analizáronse os principais sistemas de postimpresión e acabado e o seu ámbito de aplicación a produtos gráficos concretos.                                 |
| (MP1479_12) CA3.4.2 Prantexouse axeitadamente a aplicación dos sistemas de acabado axeitados a un proxecto proposto.                                                           |
| (MP1479_22) CA3.5 Planificouse a produción e o prazo de entrega respectando os custos e os tempos                                                                              |
| (MP1479_12) CA3.6 Verificouse o cumprimento das normas e dos requisitos legais                                                                                                 |
| (MP1479_22) CA3.6 Propúxose un proxecto gráfico viable tendo en conta os estándares gráficos                                                                                   |



| Criterios de avaliación do currículo                                      |
|---------------------------------------------------------------------------|
| (MP1479_12) CA3.7 Elaborouse unha ficha de produción dun proxecto gráfico |
| (MP1479_22) CA3.7 Especificouse o custo da propiedade intelectual         |

## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| Resultados de aprendizaxe do currículo                                                                                                                       |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1479_12) RA1 - Documenta o proxecto gráfico proposto e especifica as características técnicas e as necesidades do proxecto                                |
| (MP1479_22) RA1 - Elabora bosquejos dixitais a partir das especificacións do proxecto de deseño e propón as formulacións estético-formais e técnicas         |
| (MP1479_12) RA2 - Organiza o proxecto gráfico e analiza os elementos que o caracterizan                                                                      |
| (MP1479_22) RA2 - Crea maquetas e artes finais dixitais dos proxectos gráficos, aplicando as características técnicas con parámetros de calidade             |
| (MP1479_22) RA3 - Desenvolve o deseño gráfico considerando a creación, a súa produción e o orzamento económico                                               |
| (MP1479_12) RA3 - Planifica a fase de deseño, identificando as condicións e os parámetros técnicos e elaborando unha ficha de produción dun proxecto gráfico |

### **2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

| Criterios de avaliación do currículo                                                              |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1479_22) CA1.1 Valoráronse formatos segundo o tipo de produto gráfico e o sistema de impresión |
| (MP1479_22) CA1.2 Distribuíronse os elementos gráficos respectando os principios de composición   |
| (MP1479_22) CA1.2.1 Analizaronse os principios de deseño e a súa aplicación a composición         |



**ANEXO III**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                                                                     |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1479_22) CA1.2.2 Distribuíronse axeitadamente os elementos gráficos segundo os principios de deseño aplicados a composición                                                           |
| (MP1479_22) CA1.3 Adecuáronse as formulacións estético-formais cumprindo as especificacións definidas nas fases de documentación, análise e planificación                                |
| (MP1479_22) CA1.3.1 Analizáronse adecuadamente as fases de documentación, análise e planificación do proxecto                                                                            |
| (MP1479_22) CA1.3.2 Cumplíronse adecuadamente as especificacións indicadas                                                                                                               |
| (MP1479_22) CA1.4 Utilizouse con eficacia o software adecuado                                                                                                                            |
| (MP1479_22) CA1.4.1 Analizaronse os componentes do produto que se vai a deseñar, estudando ó software de aplicación en cada caso (textos, fotos, imáxes, etc).                           |
| (MP1479_22) CA1.4.2 Seleccionouse o software mais eficiente para facer o traballo, seguindo criterios técnicos.                                                                          |
| (MP1479_22) CA1.4.3 Fíxose un uso eficiente do software na súa aplicación ó traballo técnico.                                                                                            |
| (MP1479_22) CA1.5 Analizáronse bosquexos e valorouse o seu impacto visual e a súa capacidade de transmitir con eficacia a mensaxe                                                        |
| (MP1479_22) CA1.5.1 Analizáronse os principios e elementos de deseño e a súa aplicación para transmitir unha mensaxe.                                                                    |
| (MP1479_22) CA1.5.2 Aplicáronse axeitadamente os principios e elementos de deseño ós bosquexos. E valorouse o seu impacto visual e a súa capacidade de transmitir con eficacia a mensaxe |
| (MP1479_12) CA1.6 Analizouse a identidade corporativa que se vaia utilizar                                                                                                               |
| (MP1479_22) CA1.6 Valoráronse os criterios técnicos obxectivos para verificar a lexibilidade, a cor e a reproducibilidade                                                                |
| (MP1479_22) CA1.6.1 Analizáronse os principios que rixen a xestión e control da cor nas artes gráficas e a súa aplicación ó deseño do produto gráfico.                                   |
| (MP1479_22) CA1.6.2 Tiveronse en conta os criterios técnicos obxectivos para verificar a lexibilidade, a cor e a reproducibilidade                                                       |
| (MP1479_22) CA1.7 Verificouse que o proxecto cumpra as características definidas na ficha de produción                                                                                   |
| (MP1479_12) CA2.1 Creouse a idea ou concepto de comunicación gráfica acorde coas necesidades e as características documentadas                                                           |
| (MP1479_22) CA2.1 Valorouse a orixinalidade respectando as características técnicas e económicas do proxecto                                                                             |



**ANEXO III**  
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE PROBA LIBRE DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                                                                                                        |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1479_12) CA2.2 Valorouse a calidade das imaxes e verificáronse as súas posibilidades estéticas, comunicativas e a súa reprodución                                                                                        |
| (MP1479_22) CA2.2 Calibráronse os equipamentos informáticos ata conseguir unha correcta xestión da cor                                                                                                                      |
| (MP1479_22) CA2.2.1 Prantexouse a calibración dos equipos informáticos para conseguir a correcta xestión da cor.                                                                                                            |
| (MP1479_12) CA2.3 Organizáronse os contidos e a extensión dos textos                                                                                                                                                        |
| (MP1479_22) CA2.3 Realizáronse probas obxectivas para avaliar a calidade da cor                                                                                                                                             |
| (MP1479_12) CA2.3.1 Analizáronse os criterios técnicos a ter en conta para a elaboración, edición e organización dos contidos. Analizáronse os axentes que interveñen e función de cada un. Estudouse aplicación ós textos. |
| (MP1479_12) CA2.3.2 Prantexouse axeitadamente a organización dos contidos e o control da extensión dos textos. Aplicando a un caso concreto proposto.                                                                       |
| (MP1479_12) CA2.4 Especificáronse as cores en función da imaxe corporativa                                                                                                                                                  |
| (MP1479_22) CA2.4 Comprobáronse as tipografías e verificouse a súa calidade                                                                                                                                                 |
| (MP1479_22) CA2.5 Realizouse unha maqueta con calidade apta para a súa presentación                                                                                                                                         |
| (MP1479_12) CA2.6 Creouse un arquivo documental do proxecto, e facilitouse o seu seguimento e a súa organización                                                                                                            |
| (MP1479_22) CA2.6 Realizouse unha arte final cumprindo as condicións necesarias para a súa impresión e a súa manipulación                                                                                                   |
| (MP1479_12) CA2.7 Revisáronse e comprobáronse todos os datos necesarios para a realización do proxecto gráfico                                                                                                              |
| (MP1479_22) CA2.7 Controláronse os parámetros técnicos realizando un preflight da arte final                                                                                                                                |
| (MP1479_12) CA2.8 Desenvolveuse o arquivo documental e definíronse as liñas de actuación creativa                                                                                                                           |
| (MP1479_22) CA2.8 Avaliouse a maqueta e verificáronse todos os elementos gráficos                                                                                                                                           |
| (MP1479_12) CA2.9 Seleccionouse a tipografía en función dos requisitos estéticos e comunicativos do proxecto                                                                                                                |
| (MP1479_22) CA2.9 Efectuouse o proxecto no prazo previsto                                                                                                                                                                   |



| Criterios de avaliación do currículo                                              |
|-----------------------------------------------------------------------------------|
| (MP1479_12) CA3.1 Determináronse os procedementos de xestión dun proxecto gráfico |
| (MP1479_22) CA3.1 Desenvolveuse o deseño gráfico de xeito creativo e eficaz       |
| (MP1479_22) CA3.2 Organizouse a produción do proxecto coa calidade adecuada       |
| (MP1479_12) CA3.3 Elixíuse un soporte e optimizouse o seu formato                 |
| (MP1479_12) CA3.5 Propuxéronse solucións alternativas                             |

### 3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

#### Mínimos exixibles

Os mínimos exixibles para alcanzar a avaliación pódense resumir en:

Deseñar de forma eficiente un produto gráfico que:

- Cumpla a súa función
- Poida ser producido de forma eficiente en canto a criterios económicos, normativos e técnicos.
- Cumpla uns requisitos mínimos de calidade, estética e funcionalidade.
- O proceso productivo para a súa elaboración sexa axeitado consonte a criterios técnicos, económicos e normativos.

Para o que o alumno debe:

Dentro da primeira unidade formativa:

- Coñecer o proceso gráfico, a súa estrutura e a documentación necesaria para o seu funcionamento.
- Coñecer as tecnoloxías de impresión e a súa aplicación no proceso de produción gráfica.
- Ter un dominio axeitado das técnicas de acabado e postimpresión aplicadas no sector gráfico.
- Ter una referencia clara dos criterios normativos e legais que hai que aplicar no proceso de deseño de produtos gráficos



Dentro da segunda unidade formativa (deseño gráfico):

- Dominar os principios do deseño gráfico e a súa aplicación.
- Dominar ás técnicas de xestión, reprodución e control da cor nas artes gráficas.
- Dominar os elementos básicos do deseño: textos e tipografías, ilustracións vectoriais e imaxes de mapa de bits. A súa captura, tratamento, almacenamento, etc.
- Dominar as ferramentas de deseño gráfico (software, etc) e a súa aplicación ó deseño de produtos gráficos.
- Ter unha idea clara dos elementos a ter en conta para a elaboración do presuposto dun produto gráfico e ter unha referencia das ferramentas software que hai para facilitar este traballo.
- Por último o alumno ten que ser capaz de coordinar todo o citado nos puntos anteriores dentro dun proxecto de produción gráfica.

**AVALIACIÓN:**

Farase mediante dúas probas obxectivas: teórica (50% da nota) e práctica (50% da nota). Tal e como se indica no apartado 4. Proba e instrumentos...

En cada unha porase unha nota de 0 a 10, sendo preciso ter un 5 en cada una delas para superar o módulo.

**4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento**

**4.a) Primeira parte da proba**

A primeira parte da proba será un cuestionario teórico que poderá incluír cuestións tipo test, de relacionar, de completar, preguntas curtas ou preguntas máis extensas. Cada pregunta da proba terá un valor que se indicará na mesma.

A proba terá unha duración prevista entre 60 minutos e puntuarase de 0 a 10, tendo que chegar a un 5 para superar o módulo.

Para o desenvolvemento desta proba o alumno só deberá traer bolígrafo, lápis, goma de borrar, e calculadora.

Esta parte da proba corresponderá ao 50% da cualificación total.

**4.b) Segunda parte da proba**

A segunda parte da proba consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos propostos usando ferramentas e equipamento informático e equipos de impresión que serán postos a disposición do alumno polo centro.

A duración da proba será de 180 minutos e puntuarase de 0 a 10, tendo que chegar a un 5 para superar o módulo.

A corrección da proba se fará empregando unha rúbrica cos criterios de corrección que se darán ao estudante no momento da realización da mesma.





Esta proba corresponderá ao 50% da cualificación final.

Para o desenvolvemento desta proba o alumno deberá traer bolígrafo, lápis de cores, goma de borrar, e calculadora.